

## ANUNCIO DA COMISIÓN DE VALORACIÓN DO RESULTADO FINAL DO CONCURSO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO DE COORDINADOR DE PROTECCIÓN CIVIL

### Asunto: Resolución das alegacións e renuncia presentadas polos aspirantes, e cualificación final do concurso

Segundo se deriva da acta levantada para o efecto, con data 3 de setembro do presente ano, a Comisión de Valoración, por unanimidade dos seus membros, acordou:

- Aceptar a renuncia expresa ó procedemento presentada polo aspirante:
  - Julio Rafael Framil Pérez
- Desestimar a reclamación presentada polo aspirante:
  - Manuel José Varela Souto
- Desestimar por maioría absoluta dos seus membros, cun voto particular da secretaria, a reclamación presentada polo aspirante:
  - Iván Bugallo del Puerto

Mantendo as puntuacións outorgadas na sesión do tribunal con data 8 de xullo de 2020.

| Apelidos e nome             | Grao persoal consolidado | Traballo desenvolvido | Cursos | Antigüidade | Coñecemento do galego | Total        |
|-----------------------------|--------------------------|-----------------------|--------|-------------|-----------------------|--------------|
| Bugallo del Puerto, Iván    | 13,00                    | 11,00                 | 5,06   | 10,00       | 10,00                 | <b>49,06</b> |
| López Barbero, David Marcos | 11,00                    | 6,00                  | 15,00  | 10,00       | 5,00                  | <b>47,00</b> |
| Varela Souto, Manuel José   | 11,00                    | 7,25                  | 15,00  | 10,00       | 3,00                  | <b>46,25</b> |

De conformidade co establecido na base oitava, a Comisión de Valoración, por unanimidade, acordou propoñer o nomeamento de Coordinador de Protección Civil a don **Iván Bugallo del Puerto**, por ser o aspirante que obtivo maior puntuación no concurso de selección incoado. O prazo para tomar posesión no novo destino será no prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ó do cese, que deberá de efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución deste concurso no Diario Oficial de Galicia, segundo contempla a base novena da convocatoria.

O que se publica no taboleiro de anuncios e páxina web para xeral coñecemento dos interesados, todo isto sen prexuízo da notificación a cada interesado/a da resolución da alegación presentada.

Cambre, na data da sinatura electrónica

A secretaria da Comisión de valoración  
Sonia Machín Herranz